



Cursillo de Monitores e Adestradores Rexionais de Remo - 2006

Este cursillo ten coma obxectivo que tódolos clubs galegos de remo teñan a oportunidade de dispor a lo menos dun monitor, ou que o monitor que xa teñan poida acceder ó curso de Adestrador Rexional. Todo elo segundo o protocolo do acordo establecido entre a Escola Galega do Deporte e a Federación Galega de Remo.

CONVOCATORIA

Nesta convocatoria preténdese desenvolver 3 cursos simultáneos ó obxecto de facilitar a asistencia dos cursillistas, para o cal, os Clubs terán que porpor a esta Federación Autonómica antes do día 2 de decembro do presente ano, os candidatos aspirantes a Monitor e a Adestrador Rexional, e remitir a Folla de Inscripción que se adxunta por cada un dos aspirantes.

DURACIÓN

A duración do cursillo será dun total de trinta e seis horas lectivas, tempo mínimo estimado para poder desenvolver o temario programado.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Estos cursillos adaptaranse no posible ás necesidades que demanden os aspirantes presentados polos Clubs, polo que se preveu desenvolverlos en:

- Curso de Monitor de Remo Territorial Norte nas instalacións do INEF-Galicia en A Coruña.
- Curso de Monitor de Remo Territorial Sur nas instalacións do C.G.T.D. de Pontevedra.
- Curso único de Adestrador Rexional nas instalacións do C.G.T.D. de Pontevedra.

HORARIOS

Os cursillos desenvolveranse sempre nos días sábado e domingo dos meses de decembro de 2006 e xaneiro de 2007, dando con elo as máximas facilidades para que os aspirantes poidan asistir ós mesmos. Para poder completar as trinta e seis horas lectivas regulamentarias.



MATERIAS

As materias a desenvolver nos cursillos de monitores serán as seguintes:

- 1.- Técnica de Remo.
- 2.- Condición Física.
- 3.- Medicina Deportiva.
- 4.- Nocións de Psicopedagogía.
- 5.- Proxeccións Técnicas e Diapositivas.
- 6.- Regulamentos.

PROFESORADO

A Dirección estará a cargo do Director Técnico da Federación Galega de Remo e o Profesorado estará formado por Especialistas en:

- 1.- Licenciados en Educación Física.
- 2.- Adestradores Nacionais de Remo.
- 3.- Médicos de Medicina Deportiva.

ALUMNADO

Os ASPIRANTES á asistencia do cursillo de MONITOR, reunirán os seguintes requisitos:

- 1.- Ser maior de idade.
- 2.- Estar en posesión do GRADUADO ESCOLAR.
- 3.- Ter os coñecementos mínimos da Técnica de Remo, polo que se recomenda seleccionar entre aqueles que xa antes practicaran este deporte.
- 4.- O mínimo de cursillistas exixido para a realización do curso é de OITO.
- 5.- Os cursillistas serán cuidadosamente seleccionados polos Clubes e federación có obxecto de elixir aqueles que verdadeiramente se consideren idóneos para o ensino.
- 6.- Cada Clube poderá inscribir de UN a TRES aspirantes.

Os ASPIRANTES á asistencia do cursillo de ADESTRADOR REXIONAL DE REMO, reunirán os seguintes requisitos:

- 1.- Estar en posesión do Título de Monitor de Remo.
- 2.- Ter DOUS anos de actividade docente en algunha Sociedade, Clube ou Sección de Remo.



TITULACIÓN

Rematado o cursillo procederase á realización dunhas probas escritas e prácticas para valora-lo aproveitamento dos cursillistas durante o mesmo e proceder a súa calificación.

Unha vez calificados, aqueles que alcanzaran a nota de APTO, se lles proveerá do Título de Monitor de Remo, condicionado á labor que efectúen nos DOUS anos seguintes á realización do cursillo, xa que será necesario para a súa titulación definitiva, o poñer en práctica os coñecementos adquiridos realizando labor docente en algunha sociedade, Clube ou Sección de Remo, polo menos durante UNHA das dúas tempadas mencionadas.

CUOTA DE INSCRIPCIÓN

A cuota de inscrición será de 30 € por alumno.

NOTA.- As inscricións estarán nesta Federación antes do día 2 de decembro de 2006